

CIRCULAR 68/2014

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CRITERIOS SELECCIÓN TEMPORADA 2014/2015

A proposta do comité técnico da Federación Galega de Atletismo, os criterios de selección para a tempada 2014/2015 son os seguintes:

SECTOR VELOCIDADE (Responsable: José Carlos Tuñas Dugñol)

a) CAMPIONATO DE ESPAÑA CSD CADETE

Nas probas individuais terase en conta a mellor marca realizada pola atleta en función da proximidade da competición, tendo en conta a data de inscrición a este campionato. Teranse en conta só as marcas oficiais e válidas conseguidas en competicións oficiais e coa velocidade do vento reglamentaria. No caso de marcas semellantes (a mesma décima nos 100 e dúas décimas nos 300) o criterio será o posto obtido no campionato galego individual e/os enfrontamentos directos entre os atletas. No caso de que un atleta figure como primeira opción nas probas de 100 e 300, inscribírase na proba que mais beneficie os intereses da selección galega.

Nas probas de relevos tomarán parte os catro integrantes xa seleccionados para o campionato noutras probas, tendo en conta o ranking da tempada. No caso de que un atleta poda participar en ámbolos dous relevos primarase a participación no relevo que por marcas beneficie ó conxunto da selección galega.

b) CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIÓNS ABSOLUTO

Como primeiro criterio terase en conta a mellor marca realizada polo atleta en función à proximidade da competición. En caso de atletas con marcas similares, terase en conta o resultado do Campionato Galego absoluto e/o enfrontamentos directos entre os atletas implicados.

A formación dos equipos de relevos quedará a criterio do comité técnico tendo en conta o posto que o atleta ocupe o ranking; en caso de marcas similares optarase por atletas que xa están seleccionados noutras probas para formar parte da competición en probas individuais e a súa experiencia en probas de relevos.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



SECTOR VALADOS (Responsable: Vicente Veiga Doldán)

a) CAMPIONATO DE ESPAÑA CSD CADETE

- Estado de forma mostrado no ámbito do evento para o que se selecciona
- Valorarase o resultado das competicións inmediatamente anteriores ao encontro
- Resultado no Campionato Galego Cadete
- Posición no Ranking da tempada en curso
- Capacidade competitiva demostrada en competicións anteriores coa selección

b) CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIÓNS ABSOLUTO

- Estado de forma mostrado no ámbito do evento para o que se selecciona
- Valorarase o resultado das competicións inmediatamente anteriores ao encontro
- Resultado no Campionato Galego Absoluto
- Posición no Ranking da tempada en curso
- Capacidade competitiva demostrada en competicións anteriores coa selección

SECTOR MEDIO FONDO/ FONDO (Responsable: Alfonso Ortega Casanova)

a) CAMPIONATO DE ESPAÑA CSD CADETE (Pista e Campo a través)

- Resultado do Campionato Galego Cadete
- Estado actual de forma do atleta
- Marca da actual tempada en pista Aire Libre
- Nivel de regularidade nas competicións

b) CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIÓNS ABSOLUTO (Pista e Campo a Través)

- Resultado do Campionato Galego Absoluto
- Estado actual de forma do atleta
- Marca da actual tempada en pista Aire Libre
- Nivel de regularidade nas competicións
- Resposta do atleta ante competicións relevantes

SECTOR LANZAMENTOS (Responsables: José Manuel Hermida e Raimundo Fernández)

a) CAMPIONATO DE ESPAÑA CSD CADETE



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



- Martelo: 1º No Campionato Galego Cadete e se o atleta coa mellor marca da tempada é moi superior ao vencedor/a porque realizou nulos na competición e está nos primeiros postos do ranking nacional, queda a criterio do seleccionador
- Xavalina, peso e disco: Atletas coa mellor marca da tempada

b) CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIÓNS ABSOLUTO

- Martelo: Martelo: 1º No Campionato Galego absoluto e se o atleta coa mellor marca da tempada é moi superior ao vencedor/a porque realizou nulos na competición e está nos primeiros postos do ranking nacional, queda a criterio do seleccionador
- Xavalina, peso e disco: Atletas coa mellor marca da tempada

SECTOR SALTOS (Responsable: Santiago Ferrer Moreira)

a) CAMPIONATO DE ESPAÑA CSD CADETE

Seguimento de cada atleta ata o momento de facer a selección e terase en conta:

- Estado de forma do atleta
- Os resultados das últimas competicións
- En caso de igualdade ira o vencedor ou vencedora na última competición directa dentro do prazo de 15 días
- O informe do colaborador responsable de cada disciplina
- Qualquer situación dudosa a resolverá o responsable apoiándose nos criterios anteriores

b) CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIÓNS ABSOLUTO

- Traxectoria dos atletas ó longo da tempada
- Terse en contaos últimos resultados próximos à competición coa selección (15 días)
- En caso de igualdade irá o vencedor ou vencedora na última competición directa dentro do prazo de 15 días
- Qualquer caso de duda a resolverá o responsable do sector segundo o seu criterio



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



SECTOR MARCHA (Responsable: Jorge I. Silva Crespo)

a) CAMPIONATO DE ESPAÑA DE MARCHA

- Convocaranse ata 5 atletas por categoria e sexo, baseándose nas actuacións efectuadas ata o 15 de Febreiro
- As principais probas a valorar, con este orden de prioridade son:
 - *Resultados Campionato Galego de Marcha en Ruta
 - * Resultados Campionato España de Marcha en Pista de Inverno
 - *Resultados Campionato Galego de Marcha en Pista de Inverno

b) CAMPIONATO DE ESPAÑA CSD CADETE

- Millor marca tempada 2014-2015 e resultados do Campionato Galego Cadete

c) CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIÓNS ABSOLUTO

- Valoraranse as mellores marcas da tempada 2014-2015 en 5km, 5.000m, 10km e 10.000m e o estado de forma nas datas inmediatamente precedentes ó campionato.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 29 de Decembro de 2014